Circular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para os equipos directivos dos centros docentes, en relación co proceso electoral do ano 2026 para as xuntas de persoal docente dos centros educativos non universitarios no ámbito da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

1.- INTRODUCIÓN

O 08/06/2026 as organizacións sindicais Confederación Intersindical Galega (CIG), Comisións Obreiras (CCOO), Asociación Nacional de Profesorado Estatal (ANPE), Unión Xeral de Traballadores (UGT-SP), Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia (STEG) e Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), comunican a esta Consellería o Acordo entre as citadas organizacións para establecer o calendario de celebración de eleccións sindicais para as xuntas de persoal docente non universitario no ámbito da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O 28/08/2026 presentan a comunicación formal de realización das eleccións.

O inicio do proceso electoral fíxase para o día 30/09/2026, sendo a data prevista para a votación o 03/12/2026.

Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos estima conveniente informar aos equipos directivos e ao persoal afectado en xeral, dos aspectos máis importantes do devandito proceso electoral, así como das normas e criterios que deberán presidir aquel.

2.- CALENDARIO DO PROCESO ELECTORAL:

O calendario do proceso electoral proposto polas organizacións sindicais é o seguinte:

INICIO	PROCESO	REMATE
28/08/2026	Presentación do preaviso na O.P.R.	28/08/2026
30/09/2026	Constitución das mesas coordinadoras	30/09/2026
30/09/2026	Entrega do censo dos traballadores e traballadoras pola Administración	30/09/2026
30/09/2026	Confección de listas de electores e elixibles	09/10/2026
06/10/2026	Constitución das mesas parciais	06/10/2026

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: xpS8rJIusDF8 https://sede.xunta.gal/cve

09/10/2026	Exposición do censo electoral provisional	19/10/2026
13/10/2026	Reclamacións ao censo	20/10/2026
21/10/2026	Resolución de reclamacións e censo definitivo	21/10/2026
22/10/2026	Presentación de candidaturas	03/11/2026
05/11/2026	Proclamación provisional de candidaturas	06/11/2026
09/11/2026	Reclamacións	13/11/2026
16/11/2026	Proclamación das candidaturas definitivas	16/11/2026
17/11/2026	Campaña electoral	01/12/2026
02/12/2026	Xornada de reflexión	02/12/2026
03/12/2026	Votación	03/12/2026

3.- AS MESAS ELECTORAIS

3.1.- TIPOS DE MESAS

Existen dous tipos de mesas: A MESA COORDINADORA PROVINCIAL, unha en cada provincia, e as MESAS ELECTORAIS PARCIAIS, que se constitúen nos centros de traballo que proceda de acordo cos criterios establecidos polos promotores do proceso electoral, de conformidade co previsto no artigo 9 do Regulamento de eleccións ós órganos de representación de persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado (aprobado polo Real decreto 1846/1994, do 9 de setembro; publicado no BOE do 13/09/1994). Non se constitúe mesa electoral en todos os centros educativos. O persoal dos centros educativos nos que non se constitúa mesa electoral, votarán na mesa electoral do centro educativo que se determine.

As **mesas electorais parciais** limitan ás súas funcións a presidir e vixiar a celebración das súas votacións respectivas, respectando a confidencialidade do voto e a provisión de papeletas durante toda a xornada electoral, a levantar acta de escrutinio dos resultados da votación en cada un dos seus ámbitos parciais e a remitir tal acta á Mesa Electoral Coordinadora, para os efectos de que esta poida refundir todo os datos subministrados e proclamar os resultados globais da unidade electoral

A **Mesa Electoral Coordinadora Provincial** que, á parte das súas funcións como mesa ordinaria no momento da votación e o escrutinio, asume atribucións tales como proclamar os resultados globais, harmonizar o funcionamento de todas as mesas existentes no seu ámbito (provincia) e decidir sobre materias que afecten á totalidade da unidade electoral e

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: xpS8rJIusDF8 https://sede.xunta.gal/cve

que, polo tanto, non poidan ser resoltas adecuadamente por un conxunto inarticulado de mesas electorais parciais.

3.2.- CONSTITUCIÓN DAS MESAS

O día 30/09/2026, constituiranse as MESAS COORDINADORAS PROVINCIAIS. O día 06/10/2026 constituiranse as MESAS ELECTORAIS PARCIAIS nos centros que corresponda. Deberán conformarse nun acto público segundo o disposto no artigo 11 da norma regulamentaria aprobada polo Real decreto 1846/1994, e terán as funcións indicadas nas alíneas 1 e 2 do artigo 12 desa norma.

As mesas coordinadoras provinciais constitúense na sede do Departamento Territorial da Consellería correspondente á provincia de que se trate. As mesas electorais parciais constitúense no centro onde estean situadas.

A súa composición ven regulada no artigo 10 do RD 1846/1994:

> *"1. A mesa electoral coordinadora estará constituída polo presidente, que será o funcionario de máis antigüidade na unidade electoral, de acordo co tempo de servizos recoñecido, e dous vocais, que serán os funcionarios de maior e menor idade de entre os incluídos no censo correspondente, actuando o de menor idade como secretario.*
> *2. Os presidentes e vocais das demais mesas electorais serán os de máis antigüidade, maior e menor idade dos funcionarios incluídos no censo de cada unha das mesas electorais, nomeándose tamén como secretario ó de menor idade entre os vocais.*
> *3. Designaranse suplentes para os titulares das mesas anteditas a aqueles funcionarios que, á súa vez, sigan a tales titulares da mesa coordinadora e do resto das mesas na orde indicada de antigüidade ou idade."*

A comunicación dos titulares e suplentes das mesas electorais realizarase polos Depatamentos Territoriais da Consellería ou, de ser o caso, polas Mesas Coordinadoras. Os cargos son irrenunciables (artigo 11 do RD 1846/1996).

Así mesmo, as organizacións sindicais promotoras poderán designar un/unha asesor/a técnico/a para cada Mesa Coordinadora Provincial.

As persoas designadas titulares e suplentes de cada mesa electoral parcial deberán presentarse na data da constitución das mesas (06/10/2026) e tamén o día da votación (03/12/2026). As persoas designadas titulares e suplentes das Mesas Coordinadoras só se presentarán conxuntamente na data da constitución da dita mesa (30/09/2026), posteriormente a ese día só deberán acudir os que teñan constituído a Mesa Coordinadora.

O día da constitución da mesa e o día da votación poderán presentarse perante a mesa electoral apoderados ou apoderadas. Para tal efecto presentarán credencial (na que figurarán o seu nome e DNI) que acreditará a representación outorgada polas organizacións sindicais correspondentes ou polos representantes das candidaturas.

3.3.- OBRIGATORIEDADE DE PARTICIPACIÓN NAS MESAS

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: xpS8rJIusDF8 https://sede.xunta.gal/cve

Lémbrase que os cargos de presidenta/e, vocal e secretario/a das Mesas son irrenunciables (artigo 11.2 do Regulamento citado)

4.- LISTAS DE ELECTORES

A MESA COORDINADORA PROVINCIAL, baseándose no censo de funcionarios e funcionarias docentes entregado polos Departamentos Territoriais, elaborará a lista provisional de electores, lista que se fará pública nos taboleiros de anuncios durante o tempo que determine a Mesa Coordinadora.

As reclamacións contra a lista provisional de electores poderán presentarse ata 24 horas despois de ter finalizado o prazo de exposición da dita lista (naturalmente, se estas non corresponden a un día festivo), mediante a presentación ante a respectiva Mesa Electoral Coordinadora (non ante as mesas electorais parciais) nun escrito de formato libre que poderá estar baseado nun ou, se é o caso, en varios destes tres motivos:

a) As exclusións indebidas de funcionarios/as da lista de electores.

b) As inclusións improcedentes de funcionarias/os en tales listas.

c) As correccións de datos de electores (apelidos, nome, ou NIF).

A continuación existirá outro prazo de 24 horas (igualmente, sempre que estas non corresponden a un día festivo), durante o cal a Mesa Coordinadora Provincial resolverá as citadas reclamacións sobre inclusións, exclusións e correccións, publicará a lista definitiva de electores nos taboleiros de anuncios e determinará o número de representantes que teñan que ser elixidos para a xunta de persoal correspondente.

As actualizacións das relacións de electores, mediante a inclusión das altas producidas no cadro de persoal ou a exclusión das baixas sucedidas nela, só poderán ser efectuadas antes da publicación das listas definitivas de electores.

5.- HORARIO DA VOTACIÓN

Durante o día da votación, o **03/12/2026**, o horario para exercer o dereito ao voto será de **10.00 a 14.00** e de **16.30 a 18.30** h. Desde a constitución da mesa electoral o día da votación ata que finalice o escrutinio, será función das mesas electorais a garda e custodia das urnas. Péchanse as urnas para a votación ás 18.30 h, a partir dese momento farase o reconto e darase publicidade aos datos.

No caso de que o 100% dos electores asignados á mesa teñan comparecido para exercer o dereito ao voto, poden pechar a mesa, pero os membros deben **custodiar** a urna ata o momento do escrutinio. Urna que en **ningún caso** será aberta antes das 18:30 h.

A votación por correo realizarase consonte a normativa electoral vixente, especialmente de conformidade co artigo 19 da norma regulamentaria aprobada polo Real decreto 1846/1994.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: xpS8rJIusDF8 https://sede.xunta.gal/cve

6.- PERMISOS

En relación co sistema de permisos durante o proceso electoral dos membros das mesas electorais, interventores, apoderadas/os e electores en xeral, haberá que ter en conta o que dispón a Orde do 7 de setembro de 2026 (está prevista a publicación no DOG do 15/09/2026). A parte dispositiva desta Orde ten o seguinte contido

<<Primeiro. As persoas designadas titulares e suplentes das mesas electorais terán dereito a permisos polo tempo indispensable para asistir ás xuntanzas para a constitución da mesa electoral. Así mesmo, quen forme parte dunha mesa electoral durante día da votación disporán dun permiso retribuído de xornada completa ese día e a unha redución de cinco horas na súa xornada de traballo do día inmediatamente posterior.

Segundo. Os membros das mesas coordinadoras provinciais terán permiso retribuído para exercer as súas funcións como tales durante o proceso electoral, desde o 30/09/2026 ao 21/12/2026, ambos incluídos.

Terceiro. Os apoderados e interventores que, de ser o caso, designen as candidaturas terán permiso durante todo o día da votación.

Cuarto. Os electores en xeral terán permiso polo tempo indispensable para exercer o seu dereito ao voto, as direccións dos centros poderán esixir un xustificante do acto da votación expedido pola mesa electoral concreta na que vote, cando estea situada fóra do seu centro de traballo>>.

Pola complexidade do proceso electoral, os membros da Mesas Coordinadoras Provinciais terán permiso durante todo o proceso electoral (do 30/09/2026 ao 21/12/2026). En calquera caso, a cobertura das substitucións que poidan xerar estes permisos que acabamos de citar xestionarase directamente desde a Subdirección Xeral de Recursos Humanos.

7.- MEDIOS DO CENTRO A DISPOSICIÓN DA MESA ELECTORAL

As direccións dos centros públicos facilitarán o uso polas mesas electorais de votación dos medios existentes nos centros que sexan necesarios para o funcionamento da mesa de votación: fotocopias, teléfono, urna, local para xuntarse, ordenador con acceso a Internet, impresora, cabinas ou biombos...Os centros deben asumir, de ser o caso, os gastos de envío de documentación que as mesas parciais teñan que remitir á Mesa Coordinadora.

Se nalgún centro non existise urna, a mesma deberá solicitarse (con antelación suficiente) ao Concello correspondente.

Os equipos directivos deberán facilitar en todo momento o desenvolvemento do proceso electoral, tanto na constitución das mesas, como na exposición dos listados dos electores, na publicidade das circulares da administración, etcétera.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: xpS8rJIusDF8 https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, arbitraranse as medidas necesarias para que a xornada de votación se desenvolva con toda normalidade, facilitando a máxima participación do profesorado, procurando a interferencia mínima no normal desenvolvemento da actividade educativa e, en todo caso, garantindo o funcionamento ordinario do centro.

Corresponde ás dirección dos centros onde actúen as mesas electorais e aos membros desas mesas electorais parciais **garantir o exercicio confidencial do dereito ao voto**, de tal xeito que durante toda a xornada electoral o elector poida escoller as papeletas de votación nun contorno que impida a visión por terceiros da súa elección, ben por medio dunha cabina ou mediante a utilización de biombos, ou, no seu defecto, nunha habitación próxima a onde estea a mesa electoral e a urna.

8.- RESPONSABLES DA COORDINACIÓN NOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS CONSELLERÍA

O responsable da coordinación a nivel autonómico será o Xefe do Servizo de Réxime Xurídico e Recursos, Pablo Valencia Vila.

As persoas responsables a nivel provincial (baixo a dirección da persoa titular da xefatura territorial) serán as que figuran na seguinte relación:

Departamento Territorial da Coruña: Marta Iglesias Gómez.

Departamento Territorial de Lugo: Silvia Cereijo Villares.

Departamento Territorial de Ourense: Santiago Paz García.

Departamento Territorial de Pontevedra: Carlos Cruz Lustres.

9.- INFORMACIÓN ADICIONAL

Poderase atopar información adicional sobre este proceso electoral en http://www.edu.xunta.gal/portal/eleccionssindicais

10.- DIFUSIÓN DA PRESENTE CIRCULAR

Solicítase á Dirección do centro que difunda esta circular entre o profesorado.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado por: ALVAREZ BERTOLO, JESUS MANUEL
Cargo: Director Xeral de Centros e Recursos Humanos
Data e hora: 16/09/2026 09:48:07

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: xpS8rJIusDF8 https://sede.xunta.gal/cve